

## ***A Virxe en meditación de Il Sassoferrato no Museo de Pontevedra***

O 13 de xuño de 2012 ingresou, en concepto de depósito do Museo Nacional del Prado, unha importante obra do pintor barroco italiano Giovanni Battista Salvi, *Il Sassoferrato*, (Sassoferrato, 1609-Roma, 1685). Trátase de *A Virxe en meditación* [P341], un lenzo de temática relixiosa, de gran calidade e refinamento que, nos próximos días, pasará a formar parte da colección permanente do Museo de Pontevedra na Sala Italiana do edificio Castro Monteagudo.


Con esta nova cesión o Museo Nacional del Prado, que na actualidade mantén depositado no Museo de Pontevedra un importante conxunto formado por 74 obras, permite compensar e substituír o levantamento definitivo de *O amor desinteresado*, obra de Giovanni Francesco Barbieri, *Il Guercino* (Cento,1591-Bolonia, 1666), que, tras permanecer na nosa colección desde 1929, regresou a Madrid para ser exhibido nas salas dedicadas á pintura italiana da gran pinacoteca madrileña.



*O amor desinteresado* exhibiuse no Museo de Pontevedra desde o ano 1929

Giovanni Battista Salvi foi máis coñecido polo alcume de *Il Sassoferrato*, unindo o seu nome ó da pequena localidade da provincia de Ancona, na rexión oriental italiana de As Marcas, na que nacera. Fillo dun modesto pintor, Tarquinio Salvi, co que parece que iniciou a súa formación, moi mozo trasladouse a Roma, onde ingresou no taller dun dos máis grandes mestres do Clasicismo barroco, o pintor boloñés

Domenichino (1581-1641). Establecido alí definitivamente, no barrio dos artistas, onde na parroquia de *San Salvatore ai Monti* contraeu matrimonio en 1648 e será pai de seis fillos, desenvolverá nesa cidade a maior parte da súa carreira artística ata o seu falecemento o 8 de agosto de 1685.



*A Virxe en meditación* é un óleo sobre lenzo procedente da Colección Real. Desde o 13 de xuño encóntrase no Museo de Pontevedra depositado polo Museo del Prado.

A súa pintura amable e decorativa, acomodada ó gusto predominante na Italia do seiscentos, coñeceu un rápido éxito. Especialmente a través de cadros devocionais, de pequeno formato, nos que *Il Sassoferrato* representa figuras virxinais docemente idealizadas, baseadas en modelos do Qattrocento e Cinquecento, particularmente, en iconografías tradicionais de pintores como Perugino (1448-1523) e Rafael (1483 – 1520) ou, do alemán, Durero (1471 - 1528). Neles, o pintor sintetiza habilmente as dúas correntes dominantes: o clasicismo romano-boloñés e o tenebrismo. A súa produción, desprovista de todo artificio decorativo e/ou profano, cunha concepción próxima á tradición bizantina da icona, foi moi popular entre os seus contemporáneos, sendo moi solicitada por ordes relixiosas, dignitarios eclesiásticos e clases acomodadas que atoparon, nestas sinxelas representacións de fácil conexión emotiva, unha perfecta adecuación ás regras establecidas polo Concilio de Trento, no tocante á representación das imaxes sagradas e, especialmente, o estímulo polo culto da Virxe.

A gran demanda dos seus pequenos cadros levarao a establecer un prolífico taller que reproducía fielmente os esquemas creados polo mestre, ata o punto de que existen versións practicamente idénticas de moitos deles. Moi copiado e imitado tamén por outros artistas, a repetición sistemática dos modelos e iconografías de *Il Sassoferrato* e a gran difusión que alcanzaron as súas obras, así como que o artista non firmase nin datase ningunha delas, dificultan en moitas ocasións a atribución e a catalogación das mesmas.

O seu tipo máis repetido vén a ser unha versión simplificada da tradicional *Madonna* renacentista, con ecos de Rafael e Perugino, á que engade elementos tenebristas como a introdución dunha potente luz dirixida, o fondo neutro e escuro, e un forte modelado dos volumes anque, na idealización das figuras, a rigorosa ordenación das composicións e o suxerinte cromatismo se aproxime máis á corrente clasicista do seu mestre Domenichino, Guido Reni ou Guercino, mostrando evidentes paralelismos coa produción do seu contemporáneo florentino Carlo Dolci (1616 - 1686).

Bo exemplo diso é esta *Virxe en meditación*, un óleo sobre lenzo de 48 x 40 cm, procedente da Colección Real, da que se coñecen diversas versións. Representa un busto prolongado de María, coas mans xuntas ante o peito, cuxa cara, serena e imbuída dunha forte intensidade relixiosa mostra a mirada baixa, posta nun punto impreciso fóra do cadro, nun xesto de sincera humildade. Elegantemente vestida con túnica vermella e manto azul, a Virxe, que mostra os seus cabelos cubertos por unha touca branca, evidencia a súa relación co modelo iconográfico da *Virxe co neno recostado*, pequena táboa firmada por Alberto Durero en 1512 que, actualmente, se conserva no Kunsthistorisches Museum de Viena.

A distinción e austeridade formal da figura, a pincelada precisa, a minuciosidade nas pregaduras das teas, o vibrante cromatismo, así como a potente iluminación dirixida que realza a esplendorosa cabeza sobre un fondo neutro de tons agrisados, mostran as características da depurada técnica do seu autor.

M<sup>a</sup> Ángeles Tilve Jar

#### BIBLIOGRAFÍA:

García López, D., "Salvi, Giovan Battista. Il Sassoferrato" en *Enciclopedia, del Museo del Prado*, tomo VI, Madrid, Museo del Prado, 2006, pp. 1963-1964.

Pacciarotti, G., *La Pintura Barroca en Italia*. Madrid, Ed. Istmo, 2000, pp. 74-75.

Pérez Sánchez, A.E., *Pintura italiana del s. XVII en España*. Madrid, Fundación Valdecilla, 1965, pp. 331-335.

Wittkower, R., *Arte y Arquitectura en Italia: 1600-1750*, Madrid, Ediciones Cátedra, 2007.